


PROBLEMA A RESOLVER:

Por que as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo?

Proxecto de Xeografía e Historia
1º ESO
1ª avaliación




Neste proxecto teredes que recoller e analizar varios datos sobre o tempo asociado a un concello de Galicia.

Resultado final:

- Elaboración dun **informe** realizado con LibreOffice Impress e exportado en formato PDF.
- **Exposición oral** do informe (*Tempo*: 4 minutos; *Recursos*: Apoio visual -Informe PDF-).

FONTES DE INFORMACIÓN

- Páxina web de METEOGALICIA
 - <https://www.meteogalicia.gal/web/inicio.action>



- Información a buscar:
 - **Estación meteorolóxica dun concello** e anotar os datos da súa localización (**latitude**, **lonxitude**, **altitude**).
 - **Predición meteorolóxica** de **4 días diferentes** que estean repartidos en 4 semanas diferentes.
 - Consultar na **estación meteorolóxica do concello** o **resumo dos datos** correspondentes a eses 4 días.
 - Consultar as **gráficas mensuais** desa estación meteorolóxica que reflictan os datos de **temperaturas**, **precipitacións**, **presión atmosférica** e **dirección do vento**.




INFORMACIÓN QUE TEN QUE APARECER NO INFORME

- **1ª diapositiva** > Datos da estación meteorolóxica (concello, localización, mapa).
- **2ª diapositiva** > Táboa cos datos recollidos en 4 días (ver modelo na última diapositiva desta presentación).
- **3ª diapositiva** > Comentario das predicións meteorolóxicas para cada un dos 4 días (trátase da información que copiáchedes en MeteoGalicia para cada un dos días consultados; ver modelo na última diapositiva).
- **4ª/5ª/6ª/7ª diapositivas** > **Análise dos datos recollidos en relación ás predicións meteorolóxicas** (en cada diapositiva ten que falarse dun elemento do tempo seguindo esta orde: temperatura, chuvia, dirección do vento, presión; tamén ten que incluír o gráfico mensual correspondente a cada elemento).
- **8ª diapositiva** > **Conclusión final** (responder á pregunta do PROBLEMA A RESOLVER).



O texto en amarelo indica que esa información tendes que elaborala vós mesmos a partir da teoría que ides a aprender no TEMA 4 do voso libro (non aparece nas fontes de información).



Pasos a seguir

1º) Seleccionar “Predicción” > “Concellos”

Inicio | Accesibilidade | Mapa web | Suxestións | Atención ó usuario | Contactar Galego | Castellano

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

meteogalicia

PREDICIÓN | OBSERVACIÓN | MODELOS NUMÉRICOS | CALIDADE AIRE | FORMACIÓN E METEOESCOLAS | PUBLICACIÓNS | MÁIS

Galicia | **Concellos** | Marítima | Portos e confrarías | Mareas e lúas | Camiños | Cortes voz | Avisos | Orto e ocaso | Ultravioleta | Praias

Predicción xeral para Galicia



Lenda *Noite do mércores, 13 de outubro de 2021*

Avisos meteorolóxicos

mércores, 13 | **xoves, 14** | venres, 15

HOXE: MAÑÁ:



SITUACIÓN DE NORMALIDADE

Praias:

★ **Praia As Catedrais ou Carricelas**
Predición para mércores, 13 de outubro

	MAÑÁ	TARDE	NOITE
TEMPERATURA DO AIRE (°C):	MIN 8°	MAX 18°	
TEMPERATURA DA AUGA (°C):	14°		
ÍNDICE ULTRAVIOLETA MÁX.:	3		

Máis días de predición... Lenda

Pode cambiar a súa praia favorita no apartado de Praias.

Concellos:

★ **Santiago de Compostela**
Predición operativa para mércores, 13 de outubro

Marítima:

Costa Cantábrica
Predición operativa para mércores, 13 de outubro

	MAÑÁ	TARDE	NOITE
VENTO			

Táboa de mareas: editar



2º) Seleccionar “Provincia” > “Concello de...”

Inicio | Accesibilidade | Mapa web | Suxestións | Atención ó usuario | Contactar Galego | Castellano

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA meteogalicia

PREDICIÓN | OBSERVACIÓN | MODELOS NUMÉRICOS | CALIDADE AIRE | FORMACIÓN E METEOESCOLAS | PUBLICACIÓNS | MÁIS

Galicia | Concellos | Marítima | Portos e confrarías | Mareas e lúas | Camiños | Cortes voz | Avisos | Orto e ocaso | Ultravioleta | Praias

Predición para concellos

Concellos Axuda

- A Coruña
- Ferrol
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra
- ★ Santiago de Compostela
- Vigo

Buscar outro concello

Seleccione provincia:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

Seleccione concello de A Coruña:

Predición a curto prazo para Santiago de Compostela

	mércores, 13 de outubro			xoves, 14 de outubro			venres, 15 de outubro			sábado, 16 de outubro		
	Evolución			Evolución			Evolución			Evolución		
	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite	Mañá	Tarde	Noite
Estado do ceo												
Vento	←	VAR	←	←	↗	⊙	⊙	↗	⊙	⊙	↑	↑
Ocorrencia chuvia	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	35%	60%
Temperatura(°C)	MIN MAX 11° 26°			MIN MAX 11° 22°			MIN MAX 11° 21°			MIN MAX 12° 15°		
UV Máximo	3			3			3			-		
Avisos Meteo	■			■			■			-		

3º) Copiar o “Comentario” coa predición meteorolóxica e consultar a “Estación meteorolóxica”

Buscar outro concello

Seleccione provincia:

A Coruña Lugo
 Ourense Pontevedra

Seleccione concello de Pontevedra:

Baiona

Estacións na contorna de Baiona

- Baiona A.3m
- Illas Cíes A.25m
- Castro Vicaludo A.480m
- Vigo-Campus A.460m
- Monte Aloia A.484m
- Vigo A.100m
- Cangas-Porto A.3m
- Porto de Vigo A.7m
- Areas A.74m

Ocorrencia chuvia	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	5%	30%	60%
Temperatura(°C)	MIN MAX		MIN MAX		MIN MAX		MIN MAX		MIN MAX		MIN MAX	
	13°	22°	15°	25°	14°	23°	13°	18°				
UV Máximo	4		3		3		-		-		-	
Avisos Meteo	■		■		■		-		-		-	
Calidade aire	■		■		■		-		-		-	

Comentario

Teremos ceos pouco anubrados ou despexados con momentos moi anubrados ou con nubes e claros. Haberá precipitacións o sábado pola noite. En canto ás temperaturas, serán normais para este período, con mínimas que se manterán sen cambios e máximas que descenderán moderadamente, a pesar de que oscilarán.
No referido á calidade do aire, manterase a un nivel favorable en xeral.

Actualización

13/10/2021 19:00	13/10/2021 12:00	13/10/2021 12:00	13/10/2021 12:00
------------------	------------------	------------------	------------------

Orixe dos datos: As previsións deste apartado son elaboradas polo equipo de Predición Operativa de MeteoGalicia excepto a información de calidade do aire que se elabora automaticamente a partir da execución de modelos numéricos.

Predición a medio prazo para Baiona

domingo, 17 de outubro	luns, 18 de outubro	martes, 19 de outubro	mércores, 20 de outubro	xoves, 21 de outubro
------------------------	---------------------	-----------------------	-------------------------	----------------------

4º) Anotar o “Resumo dos datos” e consultar os “Gráficos mensuais”

As miñas estacións Axuda

- ★ CIS Ferrol. Ferrol (CO)
- Campus Lugo. Lugo (LU)
- Santiago-EOAS. Santiago de Compostela (CO)
- Vigo. Vigo (PO)
- Ourense. Ourense (OU)
- Pontevedra-Campolongo. Pontevedra (PO)
- Coruña-Torre de Hércules. A Coruña (CO)

Buscar estacións: Desde aquí podedes buscar calquera estación meteorolóxica.

Seleccione provincia:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

Seleccione concello de A Coruña:

A Baña

Estacións na contorna de A Baña:

- ▲ Paramos. Val do Dubra (CO)
- ▲ Fontecada. Santa Comba (CO)
- ▲ Río do Sol. Coristanco (CO)
- ▲ Santiago-EOAS. Santiago de Compostela (CO)
- ▲ Lesende. Lousame (CO)

Estación Baiona. BAIONA.

Última actualización: 13/10/2021 19:10 h local

ÚLTIMOS DATOS

Para chegar a esta páxina é preciso premer o nome da estación meteorolóxica.

É PRECISO IR ATA O FINAL DESTA PÁXINA PARA ATOPAR O RESUMO DOS DATOS.


Temperatura	Altura	Valor
Temperatura do solo a -0.1m	-0.1 m.	17.93 °C
Temperatura de orballo a 1.5m	1.5 m.	10.69 °C
Temperatura media a 1.5m	1.5 m.	19.59 °C
Temperatura media a 0.1m	0.1 m.	17.69 °C
Temperatura Radiación ultravioleta	2.0 m.	24.8 °C

Humidade Relativa	Altura	Valor
Humidade relativa media a 1.5m	1.5 m.	56.0 %

Precipitación	Altura	Valor
Chuvia último dato	1.5 m.	0.0 L/m2

Vento	Altura	Valor
Velocidade do vento a 10m	10.0 m.	0.1 km/h
Desviación típica da velocidade do vento a 10m	10.0 m.	0.5 km/h
Refacho a 10m	10.0 m.	2.8 km/h
Dirección do vento a 10m	10.0 m.	235.0 °
Desviación típica da dirección do vento a 10m	10.0 m.	2.0 °
Dirección do refacho a 10m	10.0 m.	231.0 °

Radiación Solar	Altura	Valor
Radiación solar global	1.5 m.	110.0 W/m2



Ángulo visión cámara

Última imaxe cámara

Máis datos:

- Gráficos dez minutos
- Gráficos diarios
- **Gráficos mensuais**
- Históricos

Premendo neste enlace podedes acceder aos gráficos das temperaturas, chuvia, presión atmosférica e dirección do vento. Só é preciso consultalo no 4º e último día.

4A^o) Os “Resumos dos datos” teñen que anotarse en 4 días diferentes

Estacións na contorna de A Baña:

- ▲ Paramos. Val do Dubra (CO)
- ▲ Fontecada. Santa Comba (CO)
- ▲ Río do Sol. Coristanco (CO)
- ▲ Santiago-EOAS. Santiago de Compostela (CO)
- ▲ Lesende. Lousame (CO)
- ▲ Coto Muiño. Zas (CO)
- ▲ Santiago-San Lázaro. Santiago de Compostela (CO)
- ▲ Rus. Carballo (CO)
- ▲ Muralla. Lousame (CO)

Máis información da rede:

- » MeteoVisor
- » Lista de estacións
- » Mapa do estado actual
- » Rede de cámaras Web
- » Resumo valores extremos
- » Resumo mensual de datos
- » Informes climatolóxicos
- » Servizos Web





RESUMOS HOXE

Este é o resumo dos datos que debes anotar. Só tendes que recoller os valores de Temperatura, Precipitación e Vento.

	Altura	Valor
Temperatura		
Temperatura máxima a 1.5m	1.5 m.	21.83 °C
Temperatura mínima a 1.5m	1.5 m.	12.51 °C
Precipitación		
Chuvia acumulada	1.5 m.	0.0 L/m2
Vento		
Refacho máximo a 10m	10.0 m.	18.1 km/h
Radiación Solar		
Horas de sol	1.5 m.	9.5852 h

Gráficos
Gráficos
Históricos

4B^o) Os “Gráficos mensuais” só se consultan e gardan no 4^o e último día



5º) Os datos sobre a “Localización da estación meteorolóxica” poden anotarse en calquera momento. Tamén hai que facer unha captura de pantalla do mapa

Rede meteorolóxica

estado actual últimos datos resumo datos sensores

Por defecto, todas as estacións meteorolóxicas amosan os últimos datos. Para obter a información da estación meteorolóxica e ver o mapa coa súa ubicación tendes que seleccionar "estado actual".

Estación Castro Vicaludo. OIA.

metegalicia

Reserva da Biosfera Mariñas Corúneas Terras do Mandeo

Reserva da Biosfera Terras de Miño

Reserva Biosfera Río Eo, Ocosos e Terras de Burón

Santiago de Compostela

Lugo

Ourense

Pontevedra

A Baña

Selección de provincia:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

Selección de concello de A Coruña:

A Baña

Estacións na contorna de A Baña:

- ▲ Paramos. Val do Dubra (CO)
- ▲ Fontecada. Santa Comba (CO)
- ▲ Río do Sol. Coristanco (CO)
- ▲ Santiago-EOAS. Santiago de Compostela (CO)
- ▲ Lesende. Lousame (CO)
- ▲ Coto Muíño. Zas (CO)
- ▲ Santiago-San Lázaro. Santiago de Compostela (CO)

Rede

Estado actual

Rede meteorolóxica de MeteoGalicia

Colaboradores

Esta é a información que tendes que anotar sobre a estación meteorolóxica.

Máis datos:

- ➔ Gráficos dez minutos
- ➔ Gráficos diarios
- ➔ Gráficos mensuais
- ➔ Históricos

Estado actual

ESTADO DO CEO	TEMPERATURA	TENDENCIA Tª	SENSACIÓN TÉRMICA	VENTO
	19,9°		19,9°	VAR

Información

LATITUDE: 41.99327 WGS84 (EPSG:4326)

LONXITUDE: -8.864355 WGS84 (EPSG:4326)

ALTITUDE: 480 m.

6º) Análise dos datos

- En **primeiro lugar**, hai que fixarse nos datos recollidos na táboa da diapositiva 2 (*anotar os valores máis altos e máis baixos dos 4 días consultados; a presión atmosférica está relacionada cos valores da chuvia e do vento -consultar fotocopia das características das masas de aire-*) e buscar nos comentarios das predicións meteorolóxicas (diapositiva 3) toda a información que mencione os elementos do tempo: temperaturas, precipitacións, vento, anticiclóns ou borrascas. **Trátase de facer un resumo dos 4 días consultados, tratando cada elemento do tempo por separado.**
- En **segundo lugar**, hai que fixarse nos gráficos mensuais e **ver se o comportamento dos distintos elementos do tempo foi o mesmo nos meses de outubro e novembro dos anos anteriores** (*os meses aparecen numerados como 10 e 11 no eixo horizontal dos distintos gráficos*).
- En **terceiro lugar**, hai que **consultar os exercicios do TEMA 4 que tratan sobre os factores que afectan aos elementos do tempo** (*temperatura, precipitacións, presión atmosférica e vento*). Tamén é moi importante **fixarse na información contida na fotocopia sobre as características das masas de aire** para poder explicar a presión atmosférica na diapositiva 7. Non esquezades que a **localización da vosa estación meteorolóxica** tamén desempeña un papel fundamental nos factores que modifican o tempo (*altitude e distancia ao mar*).
- En **cuarto lugar**, na diapositiva 8 tendes que **responder á pregunta “Por que as borrascas e os anticiclóns están asociados ao tempo?”** facendo un resumo de todo o que explicáchedes na análise dos elementos do tempo nas diapositivas 4, 5 6 e 7.

Exemplo de análise das temperaturas: (1) Nos catro días observados en outubro e novembro as temperaturas máximas foron de 16 °C e as mínimas de 5°C. Segundo MeteoGalicia, estas temperaturas teñen uns valores normais para esta época do ano. (2) No gráfico superior obsérvase que as temperaturas máximas e mínimas de 2020 foron semellantes as recollidas no 2021. (3) En canto aos factores que poden estar influíndo estas temperaturas, podémonos fixar na altitude de 3 metros na que se atopa a nosa estación meteorolóxica, a cal é indicativa de que as temperaturas van a ser máis altas. O feito de atoparnos nunha zona de costa tamén vai a facer que as temperaturas máximas e mínimas sexan, en xeral, suaves.



Guía de corrección da análise dos datos

TEMPERATURAS (1 punto)

- Non se insertou o gráfico mensual das temperaturas (-0.2)
- Non se mencionan os datos recollidos na táboa. (-0.2)
- Non se fai alusión aos comentarios das predicións meteorolóxicas. (-0.2)
- Non se fai unha comparación cos datos de anos anteriores facendo uso do gráfico. (-0.2)
- Non se interpretan as variacións das temperaturas en relación a algún dos seguintes factores: latitude, altitude e distancia ao mar. (-0.2)

PRECIPITACIÓNS (1 punto)

- Non se insertou o gráfico mensual das precipitacións. (-0.2)
- Non se mencionan os datos recollidos na táboa. (-0.2)
- Non se fai alusión aos comentarios das predicións meteorolóxicas. (-0.2)
- Non se fai unha comparación cos datos de anos anteriores facendo uso do gráfico. (-0.2)
- Non se interpretan as variacións das precipitacións en relación a algún dos seguintes factores: latitude, altitude e distancia ao mar. (-0.2)

VENTO (1 punto)

- Non se insertou o gráfico mensual do vento (-0.25)
- Non se mencionan os datos recollidos na táboa. (-0.25)
- Non se fai alusión aos comentarios das predicións meteorolóxicas. (-0.25)
- Non se fai unha comparación cos datos de anos anteriores facendo uso do gráfico. (-0.25)

PRESIÓN ATMOSFÉRICA (1 punto)

- Non se insertou o gráfico mensual da presión atmosférica. (-0.25)
- Non se interpreta a presión atmosférica en relación aos datos de refacho máximo de vento e precipitacións que aparecen na táboa. (-0.25)
- Non se fai unha comparación cos datos de anos anteriores facendo uso do gráfico. (-0.25)
- Non se explica a presión atmosférica en función dalgún dos seguintes factores: altitude da estación meteorolóxica e presenza/ausencia de precipitacións. (-0.25)

Premer aquí para consultar un modelo de INFORME.



Táboa para a recollida dos datos

	<i>Día 1 (XX/11/21)</i>	<i>Día 2 (XX/11/21)</i>	<i>Día 3 (XX/11/21)</i>	<i>Día 4 (XX/11/21)</i>
Temperatura máxima a 1.5 m	<i>Valor (°C)</i>	<i>Valor (°C)</i>	<i>Valor (°C)</i>	<i>Valor (°C)</i>
Temperatura mínima a 1.5 m	<i>Valor (°C)</i>	<i>Valor (°C)</i>	<i>Valor (°C)</i>	<i>Valor (°C)</i>
Chuvia acumulada	<i>Valor (L/m2)</i>	<i>Valor (L/m2)</i>	<i>Valor (L/m2)</i>	<i>Valor (L/m2)</i>
Refacho máximo a 10 m	<i>Valor (km/h)</i>	<i>Valor (km/h)</i>	<i>Valor (km/h)</i>	<i>Valor (km/h)</i>

Modelo para os comentarios das predicións meteorolóxicas

- **Día (XX/11/21)**
Texto do comentario

- **Día (XX/11/21)**
Texto do comentario

- **Día (XX/11/21)**
Texto do comentario

- **Día (XX/11/21)**
Texto do comentario

